



III CIRCUITO DE CARREIRAS AROUSA NORTE 2018

PRESENTACION

O III Circuito de Carreiras Populares **Arousa Norte** “*4 carreiras...1 meta*” é un programa de carreiras a pé que ten por obxecto fomentar a práctica da actividade física como medio para alcanzar unha vida máis saudable.

O Circuito contará co control técnico da Federación Galega de Atletismo e estará organizado conxuntamente polos concellos que forman parte da Mancomunidade Arousa Norte:

- **A Pobra do Caramiñal**
- **Riveira**
- **Rianxo**
- **Boiro**

No mesmo poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, sexan ou non federados/as no deporte do atletismo.

ARTIGO 1. PARTICIPACIÓN

As modalidades de inscrición no circuito serán 2:

1. **Participantes individuais nas probas do circuito:** serán aqueles deportistas (adultos ou menores de idade) que se inscriben nunha ou en varias das probas das que se compón o circuito, pero que non participan na competición do circuito. Deberán facer a inscrición en cada unha das probas INDEPENDIENTEMENTE nas que desexen participar.
2. **Participantes no circuito:** serán aqueles deportistas (adultos ou menores de idade) que se inscriban na modalidade de circuito co obxectivo de completar a participación no mesmo. Os mesmos entrarán na clasificación particular de cada unha das probas do circuito nas que participen, e tamén puntuarán na clasificación xeral do circuito contra todos/as os que o fagan do mesmo xeito. O prazo para inscribirse nesta modalidade finalizará ao remate do prazo de inscrición da segunda proba, xa que para tomar parte nesta clasificación deberán participar e rematar alo menos 3 das 4 probas do circuito. Deberán correr obrigatoriamente co chip e dorsal facilitado pola organización para as catro carreiras que compoñen o circuito.

ARTIGO 2. CATEGORIAS DE PARTICIPACIÓN

As categorías de participación no circuito serán as seguintes (Homes/Mulleres):

SUB 10 H/M	anos 2009 e 2010
SUB 12 H/M	anos 2007 e 2008
SUB 14 H/M	anos 2005 e 2006
SUB 16 H/M	anos 2003 e 2004
SUB 18 H/M	anos 2001 e 2002
SUB 20 H/M	anos 1999 e 2000
SUB 23 H/M	anos 1996, 1997 e 1998
SENIOR H/M	de 1995 ata máster
MASTER 1 H/M	de 35 a 40 anos
MASTER 2 H/M	de 41 a 49 anos
MASTER 3 H/M	de 50 a 59 anos
MASTER 4 H/M	de 60 anos en diante

*As categorías serán tomadas na data de comenzo da primeira proba do circuito e manteranse durante o transcurso do circuito inda que se produza un cambio de tempada de atletismo

ARTIGO 3. CALENDARIO DE PRUBAS DO CIRCUITO

DATA	PROBA
26 de agosto	CCArousa Norte <i>A Pobra do Caramiñal</i>
29 de setembro	CCArousa Norte <i>Riveira - Santa Uxía</i>
1 de novembro	CCArousa Norte <i>Rianxo</i>
2 de decembro	CCArousa Norte <i>Boiro</i>

ARTIGO 4. MODALIDADE DE PARTICIPACION POR EQUIPOS

As categorías de participación por equipos serán as expostas a continuación (non se poderá duplicar a participación nun clube federado en un equipo popular ou nun centro escolar e nun clube federado). Tampouco un mesmo equipo poderá ter dúas ou máis seccións (A, B, ...):

SUB 18 e SUPERIORES	
CLUBES FEDERADOS	Atletas con licencia federativa
EQUIPOS POPULARES ADULTOS	Corredores con ou sen licencia federativa
SUB 10 a SUB 16	
CENTROS ESCOLARES	Corredores pertencentes a centros escolares
CLUBES ESCOLARES	Corredores Escolares pertencentes a clubes federados

ARTIGO 5. SISTEMA DE CLASIFICACIÓN NO CIRCUITO

PUNTUACIÓN INDIVIDUAL POR PROBA

- Na clasificación individual de cada proba os participantes no circuito levarán un número de puntos igual ao posto obtido en cada carreira **SÓ TENDO EN CONTA OS PARTICIPANTES NA MODALIDADE DE CIRCUITO**, de xeito que o primeiro clasificado obterá 1 punto, o segundo clasificado 2 puntos e así sucesivamente ... OS ATLETAS QUE NON PARTICIPEN NALGUNHA PROBA DARÁSELLE UN NÚMERO DE PUNTOS SIMILAR AO NÚMERO TOTAL DE PARTICIPANTES NA MODALIDADE DE CIRCUITO NA MESMA, DE XEITO QUE NON OBTEÑAN VANTAXE ALGUNHA DA NON PARTICIPACIÓN.
- Para tomar parte nas clasificacións finais do circuito, os participantes deberán completar como mínimo 3 das 4 probas do circuito.
- A clasificación xeral do circuíto será modificada despois de cada proba do circuito.
- A clasificación do circuito realizarase en orde inverso, segundo se teña un menor número de puntos.
- Para o recuento final de puntos, terase en conta as 3 mellores puntuacións de cada participante.
- No caso de empate entre dous atletas, clasificarase en primeiro lugar o que houbera obtido menor puntuación na última proba que disputaran conxuntamente os dous atletas.

PUNTUACIÓN DE CLUBES E EQUIPOS

- Para a clasificación de clubs federados e equipos populares tomarase a suma dos resultados dos seus 4 mellores atletas que os compoñan.
- Os equipos estarán formados por un número mínimo de 6 compoñentes, sen determinar un número máximo.
- Os equipos poderán ser masculinos ou femeninos, non mixtos.
- As clasificacións dos clubs federados **escolares** e centros **escolares** realizarase unicamente por número de participantes.

TODOS OS PARTICIPANTES DE CLUBES FEDERADOS, EQUIPOS POPULARES E CENTROS ESCOLARES, DEBERÁN REFLEXAR O NOME DO MESMO ESCRITO DO MESMO XEITO NA INSCRICIÓN. MARCARÁN ADEMAIS NO FORMULARIO DE INSCRICIÓN A INTENCIÓN DE PARTICIPAR NESTAS CLASIFICACIÓNS.

ARTIGO 6. INSCRICIÓN NO CIRCUITO. PRAZOS E PREZOS

A inscrición no circuito realizarase online a través da páxina web www.emesports.es .

PRAZOS DE INSCRICION

A inscrición ao circuito de carreiras 2018 abrirase o 21 de xullo e rematará co fin de prazo da proba de Riveira – Santa Uxía.

PREZOS DA INSCRICION

✚ ESCOLARES (de sub 10 a sub 16)	GRATUITA
✚ ADULTOS (de sub 18 a máster):	
-> Xeral nas 4 probas do circuito	20 €
-> Inscrición individual por proba fora do circuito:	6 €

ARTIGO 6. PREMIOS E AGASALLOS DO CIRCUITO

Os premios ao circuito serán entregados en datas posteriores ao remate da derradeira proba do circuito e serán os seguintes:

TROFEOS

- **TROFEO** para os/as 3 primeiros/as clasificados/as absolutos **adultos** do circuitos. Estes non recibirán o trofeo da súa categoría (premios non acumulativos).
- **TROFEO** os/as 3 primeiros/as clasificados/as de cada categoría establecida no presente reglamento, tanto adultos como escolares.
- **TROFEO** para os 3 centros escolares e clubs federados que acheguen máis participantes na categoría de escolares.
- **TROFEO** para os 3 clubs federados MASCULINOS e FEMENINOS e os 3 equipos populares MASCULINOS e FEMENINOS que obteñan menos puntos na clasificación das probas do circuito (sumando os puntos dos seus 4 mellores compoñentes).

PREMIOS ESPECIAIS

- Outorgaranse os seguintes premios especiais aos 3 primeiros/as clasificados/as absolutos **ADULTOS** do circuito:
 - **1º clasificado/a:** 400 euros e bono turístico.
 - **2º clasificado/a:** 200 euros e bono turístico.
 - **3º clasificado/a:** 100 € e bono turístico.
- Recibirá un premio especial consistente **nun bono de 300 €** en material deportivo, o **CLUBE FEDERADO EN ATLETISMO** no que participe o maior número de corredores (computarán os adultos e escolares con licenza federativa en vigor).
- Recibirá un premio especial consistente **nun bono de 300 €** en material deportivo, o **CENTRO ESCOLAR** no que participe o maior número de corredores das categorías escolares.

Para optar a estes premios e trofeos de centros escolares, clubs federados e equipos populares, tanto de adultos como de categorías escolares, é

preciso que nas inscricións individuais **se especifique o colectivo de orixe escrito sempre do mesmo xeito.**

AGASALLO ESPECIAL AO CIRCUITO

TODOS OS PARTICIPANTES NA MODALIDADE DE CIRCUITO RECIBIRÁN UNHA CAMISETA TÉCNICA DO CIRCUITO.

AVISO LEGAL






LOPD

Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

NOTA: Este circuito pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o/a interesado/a pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow ,13 - 15008 A Coruña.

Todo o non reflectido no presente regulamento rexirase polas normas vixentes da **FGA** e **RFEA**.

ORGANIZAN:

-  **CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL**
-  **CONCELLO DE RIVEIRA**
-  **CONCELLO DE RIANXO**
-  **CONCELLO DE BOIRO**
-  **MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS AROUSA NORTE**